

## **CUESTIONARIO: A UNIÓN EUROPEA, ESPAÑA E GALICIA**

- 1.- a) Que tipo de organización é a Unión Europea? Explícao.  
b) Cales son os seus obxectivos?

2.- Explica a función e a composición do Consello Europeo. Indica tamén quen é o seu presidente e onde se atopa a súa sede. (pode ser calquera outra institución da UE).

3.- No seguinte mapa, sinala onde se localizan os seguintes países e escribe tamén a súa data de incorporación á Unión Europea: España, Alemaña, Polonia, Croacia, Bulgaria, Dinamarca. (poden ser outros países, pero sempre serán seis).

4.- Cando se elabora a actual Constitución española? Como é a bandeira nacional? Con que nome se coñece o himno?

5.- Describe o escudo de España.

6.- En quen reside a soberanía en España? Cal é o modelo de sufraxio empregado?

7.- Explica a diferenza entre sufraxio universal e censatario, e entre sufraxio directo e indirecto.

8.- Quen exerce o poder lexislativo en España? Como é a súa composición? Canto dura o seu mandato?

9.- En que artigo da Constitución se describe o Congreso dos Deputados? Cantos representantes pode haber, e cantos hai na actualidade?

10.- Indica o artigo da Constitución referido ao Senado. Cantos senadores se escollen en cada provincia?

11.- Quen controla o poder executivo en España? Que persoas compoñen esa institución?

12.- Cita, de menor a maior, as divisións do Estado español.

13.- En que artigo da Constitución se describe a composición do municipio? Coméntao. Sinala tamén outras entidades diferentes pero inferiores á provincia que existen en Galicia.

14.- Explica que son as provincias e quen as goberna. Sinala o artigo da Constitución no que aparecen reflexadas.

15.- As Comunidades Autónomas. Descríbeas e sinala o artigo da Constitución correspondente a elas.